

Retallos de vida


Compondo un fermoso mantelo

PILAR PONTE

Con *As deusas do Calvario*, fermosísimo título da súa oitava novela, Francisco A. Vidal sitúanos no concello de Arteixo e mais nos arrabaldes da Coruña, desde ese momento convertida na CIDADE. Vidal non aspira só a contar unha historia, senón tamén a nos explicar a configuración da cidade, intercalando unha serie de oito textos denominada “Teoría da cidade” onde desprega a súa condición de etnógrafo. A urbe aparece convertida así nunha forza destrutiva capaz de acabar cos fortes brazos dos homes e de esvaer as tensas peles de doncela. Unha estrutura de círculos concéntricos serve para explicar como os integrantes de cada un deles

aspiran a formar parte do seguinte ata formaren parte do “centro centrisimo” que se corresponde co centro xeográfico, identificado coa felicidade.

O autor leva adiante unha narración crúa, na que dá conta da complexa engrenaxe que fai funcionar un lugar habitado por mulleres vítimas de circunstancias que as condenan á traxedia.



Como di a señora Antonia, unha das heroínas da novela, “a vida está feita de retallos [...] dependendo da costureira, con eles pódese facer un farrapo ou o vestido dunha noiva”. Deseste xeito, no barrio os uns conseguen salvar o chanzo da marxinalidade mentres que outros esmorecen nos vieiros que dan na dor. Sabe, entón, Francisco A. Vidal xuntar todos os retallos e confeccionar unha novela que se move entre a narrativa social e esoutra de protagonista heroica: finalmente, todo un fermoso mantelo feito de abelorios de negro loito para o noso goce lector.

VIDAL, Francisco A., *As deusas do Calvario*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2010, PVP 15 €